

Non selección dunha vítima de VX no obradoiro de emprego do Concello de Muros e falta de resposta ás reclamacións presentadas (recordatorio de deberes legais)

Expediente: S.7.Q/272/24

Santiago de Compostela, 20 de Marzo de 2024

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dna. XXX, referente á selección dunha vítima de VX no obradoiro de emprego do Concello de Muros e falta de resposta ás reclamacións presentadas.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

“Presenteime o obradoiro de traballo do concello de Muros e nas bases pon que a xente vítima de violencia de xénero tiñan prioridade absoluta e eu teño esa condición e non me colleron. A reclamación chegoume denegada.

Falei ca avogada que me levou o de violencia de xénero e díxome que lle mandou dous recursos e non obtivo resposta”.

Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 26 de febreiro de 2024, e no que se fai constar o seguinte:

En relación ao expediente arriba indicado, o órgano encargado do proceso selectivo para a selección do persoal directivo, docente e alumnado do obradoiro de emprego "Fonte das Forcadas", é un órgano colexiado e independente. A reclamante, presentou unha reclamación o día 9 de novembro contra o anuncio do tribunal, a cal foi desestimada e contestada polo tribunal o día 15 de novembro de 2023. O día 7 de decembro de 2023, presentouse un escrito da interesada solicitando a súa inclusión nas listas, cando xa o tribunal publicaba as listas definitivas de aspirantes seleccionados e se procederá a

contratación de todo o persoal. Esta solicitude en xeral, reitera o xa solicitado ao tribunal e contestado por este.

Remítese a contestación do mesmo á interesada desestimándoa:

Alegación presentada pola candidata ao posto de alumna, D<sup>a</sup>. XXX, co DNI XXX con data de rexistro no concello de Muros o 09.11.2023, número 3888, no que solicita se teña en conta a documentación que achega coa alegación presentada.

O Grupo de Traballo unha vez revisada a documentación presentada, propón DESESTIMAR a alegación en base as seguintes aclaracións:

1º- No apartado dous das bases correspondente ao PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO TRABALLADOR, cítase textualmente " (...) grupo de traballo que aplicará o baremo establecido no anexo II, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde (...))."

2º- No caso dun procedemento de concorrencia competitiva, neste caso, ser candidata a un posto de traballo como alumna-traballadora dun obradoiro de emprego e regulándose nun baremo as puntuacións correspondentes as circunstancias persoais e económicas das persoas candidatas, debe achegarse a documentación acreditativa de todas elas.

3º- Nas listas definitivas corríxirase o erro no DNI da candidata.

Unha vez examinado en detalle o devandito informe conclúese que co seu contido non é posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa posto que non se nos informa sobre as bases da convocatoria e a data de publicación da mesma.

Por todo o anterior, na data do 04/03/2024 de novo dirixímonos ao Concello de Muros co fin de solicitar con urxencia dita información complementaria, e xa nola remitiu.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración e documentación complementaria, é preciso facer as seguintes consideracións:

**Primeira:** A queixa fai referencia, á súa vez, a dúas cuestións:

-Falta de valoración da documentación relativa á condición de vítima de violencia de xénero no proceso de selección no obradoiro de emprego.

-Ausencia de resposta da Administración ao escrito de data 7 de decembro de 2023.

**Segunda:** En relación coa documentación relativa á condición de vítima de violencia de xénero, efectivamente as BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "FONTE DAS FORCADAS", determinan como criterios preferentes de selección os que figuran no artigo 11 da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), segundo baremo incluído nestas bases. Neste artigo se inclúen ás mulleres en xeral e as vítimas de violencia de xénero ademais doutros colectivos que teñen especiais dificultades de inserción no mercado de traballo.

**Terceira:** A non inclusión da documentación relativa á condición de vítima de violencia de xénero é explicada polo grupo de traballo ou comisión de selección na súa desestimación ás alegacións presentadas pola interesada segundo o seguinte tenor literal: "só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde (...)". Isto debe deducirse do establecido nas Bases para a selección, Punto 2 procedemento de selección para o alumnado traballador:

*"Unha vez aprobadas estas bases, a entidade promotora sondaxe das persoas candidatas polo grupo de traballo o 19 de outubro de 2023 ás 14:00 h.*

*A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo que aplicará o baremo establecido no anexo II, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se pida achegar máis tarde aínda que o grupo de traballo poda establecer a posibilidade de presentar documentación que teña que ser emitida por outros organismos antes da publicación da puntuación provisional) e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo".*

Conforme expón a acta nº 1, do 31-10-23, a documentación se presenta na data da entrevista persoal: en concreto expón: "Das 77 persoas do concello de Muros preseleccionadas pola oficina de emprego, recolleron a citación para a entrevista 61 persoas e acudiron á entrevista coa correspondente documentación para a fase de baremación."

A queixante afirma que presentou a documentación no prazo legalmente establecido. Na notificación enviada á interesada polo grupo de traballo no que se resolve a alegación presentada por dona XXX, fronte ao resultado da baremación, acordo de 15-11-22, Acta de Sesión de Peche do Grupo de Traballo, expón que *a alegación solicita se teña en conta a documentación que achega coa alegación presentada.*

**Cuarta:** En canto á falta de resposta da administración entendemos que fronte ao escrito presentado en 7-12-23) e que a Administración xustifica en que o escrito foi presentado cando *xa o tribunal publicaba (publicara) as listas definitivas de aspirantes seleccionados e se procederá (procedera) á contratación de todo o persoal. Esta solicitude en xeral, reitera o xa solicitado ao tribunal e contestado por este, é preciso manifestar o seguinte:*

O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da veciñanza e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada ás persoas interesadas.

Se a persoa interesada presentou nese concello o 7 de decembro do 203 o referido escrito, este ten a obriga de acusar recibo comunicándollo ao interesado.

En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

O artigo 103 da Constitución Española expón que “A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao Dereito” .No mesmo sentido, o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese concello de Muros o seguinte

## RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

**“Recordámoslle que deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto, nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo